

ACTA Nº 19/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE MAIO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 10 de maio de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 17/10 do 26 de abril de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 245/10, do 4 de maio, a Alcaldía concedeu unha axuda de emerxencia social -trala solicitude da interesada e previo informe emitido pola asistente social-, polo que avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno en canto a autorización e disposición do gasto, e o recoñecemento da obriga da contía que supón dita axuda.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira

ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 41/10 – D. GUMERSINDO SOTELO PASTORIZA presenta estudo técnico para conservación de cuberta en vivenda unifamiliar sita no barrio do Casal, 34, San Martiño – Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 26.03.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 4 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA CONSERVACIÓN DE CUBERTA. (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas na documentación técnica presentada.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial. .

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, substitución dos materiais de cubrición en mal estado e colocación de soporte continuo a base de planchas de fibrocemento; coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	185,98 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 45/10 – D.ª PEREGRINA BERNÁRDEZ BARREIRO presenta estudo técnico para conservación e saneamento de fachadas nunha vivenda xa existente na Casanova, nº 120, O Cruceiro, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo Estudio de Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P. e visado o 24 de marzo de 2010, arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 4 de maio de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA CONSERVACIÓN E REVESTIMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial. .

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación e ornato da edificación con chapeado de pedra previo chorreo; coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	91,72 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

4.- LICENZAS DE APERTURA

4.A) EXPTE. 17/10 – D. JESÚS FERNÁNDEZ ALONSO, solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 3 de maio de 2010, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Bernardino Graña..

Visto o informe do aparellador municipal do 4 de maio de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **oficina** a favor de **Jesús Fernández Alonso**.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 66/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outógase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente facendo constancia no acto de outorgamento da licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura	250 €
-------------------------------------	-------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. JESÚS FERNÁNDEZ ALONSO**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña, 1 – 1º, local 4, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

4.B) EXPTE. 16/10 – D. RODRIGO LÓPEZ GONZÁLEZ, expón mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 30 de abril de 2010, que quere contratar en réxime de aluguer o baixo situado na rúa Ramón Cabanillas, 144, propiedade de Rubén González Paz, para abrir unha zapatería, e solicita licenza.

Visto o informe do aparelador municipal do 4 de maio de 2010 que literalmente di:

ASUNTO: ZAPATERÍA.

INFORME: **Procede licenza de apertura e funcionamento da actividade non clasificada.**

Non require licenza urbanística por non acometerse obras.

Non require informes sectoriais.

Atendendo ao disposto no Artigo 194.2 da LOUGA sométese a licenza o presente acto por constituír un uso do solo.

A presente actividade de **comercio para zapatería**, resulta compatible co planeamento urbanístico dadas as características da mesma; o local, atendendo ao disposto no artigo 22.2 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, unha vez inspeccionado polo arquitecto técnico e inspector de obras, informe que subscriben, cumpre coas condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade que quedan de manifesto na documentación técnica presentada.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 3 de maio de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **ZAPATERÍA** cuxo titular resulta ser **RODRIGO LÓPEZ GONZÁLEZ**.

O Arquitecto Técnico Municipal e o Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D. RODRIGO LÓPEZ GONZÁLEZ**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a ZAPATERÍA no local situado na rúa Ramón Cabanillas, 144, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos

servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.- EXPTE. 40/09 –TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.: APROBACIÓN DO PLAN DE IMPLANTACIÓN DA REDE DE TELEFONÍA MÓBIL NO CONCELLO DE MOAÑA PROMOVIDO POR TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.L.

O día 9 de maio de dous mil oito preséntase no Concello, por Telefónica Móviles España S.L., Plan de Implantación da rede de telefonía móbil no Concello de Moaña.

O citado expediente foi sometido a información pública por un término mínimo de un mes, mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia nº 241 de 12 de decembro de 2008, Boletín Oficial da Provincia nº 234 de 2 de decembro de 2008, Faro de Vigo e no taboleiro de anuncios municipal. Debe incorporarse ao expediente copia de anuncio en diario local.

O período de exposición pública comezou como consta no texto dos anuncios, o día seguinte ao da publicación no último dos anuncios en boletín oficial, en concreto o 3 de decembro de 2008, e polo prazo do mes sinalado.

No citado período, data 8 de xaneiro de 2009, nº de rexistro de entrada 137, Dna. Eva Giráldez Martínez presenta alegación acompañado doutras trescentas corenta e nove de igual contido.

No citado período, data 10 de xaneiro de 2009, nº de rexistro de entrada 211, D. Francisco Ferreira Lorenzo presenta alegación acompañado doutras trinta de igual contido.

No citado período, data 10 de xaneiro de 2009, nº de rexistro de entrada 212 e 213, Dna. Eva Giráldez Martínez presenta alegación acompañado doutras duascenas noventa e un de igual contido.

En data 13 de febreiro de 2009 o Concello remite copia das alegacións presentadas ante o Concello para informe dos redactores do Plan de Implantación.

En febreiro de 2009 o Concello remite á empresa Xpert Unidade Técnica de Protección Radiolóxica S.L. para emisión de informe sobre o plan de Implantación presentado por Telefónica Móviles España S.L. A citada empresa presenta ante o Concello informe sobre o Plan en marzo do 2009.

En data 7 de abril de 2009 o Arquitecto técnico municipal emite informe sobre o plan de implantación.

En data 7 de maio de 2009, a empresa redactora do Plan de Implantación, presenta informe sobre as alegacións presentadas durante o trámite de información pública.

En data 5 de agosto de 2009, a e Telefónica Móviles España S.L novi informe sobre documentación complementaria ao Plan, entre outro, informe da empresa Xpert Unidade Técnica de Protección Radiolóxica S.L.

En data 21 de decembro de 2009, o Asesor Xurídico do Concello emite informe sobre a situación procesal e aplicación dos artigos da Ordenanza municipal sobre os que recae sentenza xudicial.

En data 27 de xaneiro de 2010 a empresa Xpert Unidade Técnica de Protección Radiolóxica S.L presenta no Concello informe sobre a adecuación do Plan de Implantación presentado por Telefónica Móviles España S.L. antes da aprobación definitiva.

En data 27 de xaneiro, os Servizos Técnicos Municipais emiten informe respecto do Plan antes da aprobación definitiva.

En data 1 de febreiro de 2010, a Secretaría Municipal emite informe onde, en consonancia cos anteriores se indica que haberá de procederse a corrección da distancia de protección prevista para a estación base 3600215 no porto de Meira que incumpre, de acordo cos citados informes, o Anexo II da Ordenanza Municipal. En consecuencia se require rectificación do Plan de Implantación respecto da deficiencia observada.

En data 2 de marzo de 2010, Telefónica Móviles España S.L. presenta texto refundido do plan de implantación recollendo no mesmo a corrección das deficiencias a requirimento do Concello.

En data 6 de maio do 2010, os Servizos Técnicos do Concello emiten informe favorable á aprobación do Plan.

En data 10 de maio de 2010, a Secretaría Municipal emite informe no que, de acordo cos informes técnicos emitidos previamente e, unha vez subsanada deficiencia a da estación base 3600215 ubicada en Meira amosase favorable á aprobación do Plan de Implantación pola Xunta de Goberno Local.

De acordo cos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros presentes, e de conformidade co artigo 30 da ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Moaña, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan de Implantación presentando por Telefónica Móviles España S.L. da rede de telefonía móbil no Concello de Moaña.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo a empresa solicitante e aos alegantes no expediente de aprobación do Plan de Implantación coma interesados no expediente.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
ALCALDÍA	PREVENCIÓN DE LEGIONELOSIS	SERVICIA, S.L.	3420 22711 RC 781 Nivel de vinculación	348,00 €

			xurídica 34-22	
CULTURA	AGASALLOS CERTAMES CORAIS DAS LETRAS GALEGAS (Placas)	RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601 RC 778	218,08 €
ALCALDÍA	MANTEMENTO DE ASCENSORES: Casa do Concello, Biblioteca de Quintela e colexio de Reibón (7 meses)	SOCIEDAD GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301 RC 819 Nivel de vinculación xurídica 32-21	771,40 €
			3320 21301 RC 819 Nivel de vinculación xurídica 33-21	771,40 €
			9200 21301 RC 819 Nivel de vinculación xurídica 92-21	771,40 €
SERVIZOS	PRANTA PARA XARDÍNS – PRAZA DE ABASTOS	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710 22109 RC 820	480,59 €
SERVIZOS	TERMO ELÉCTRICO PARA PAVILLÓN DE REIBÓN	FONCAL MORRAZO, S.L.	3420 63900 RC 822	986,00 €
CULTURA	AFINACIÓN PIANO EMM	MUSICAL PONTEVEDRA, S.L.	3250 22699 RC 828 Nivel de vinculación xurídica 32-22	70,01 €
SERVIZOS MOBILIDADE	ARRANXOS COLEXIO DE DOMAIO	ALARMAS PONTEVEDRA	3210 21200 RC 816 Nivel de vinculación xurídica 32-21	383,32 €
ALCALDÍA	COMPRA DE LIBROS	SOCIEDADE CULTURAL NA VIRADA	3320 62500 RC 827	300,00 €
MEDIO AMBIENTE	ALUMEADO MEDIA TENSIÓN PARA O CANIL	MONTAXES ANTEPAZO, S.L.	3130 61104 RC 829	3.764,20 €
CULTURA	ACTUACIÓNS MUSICAIS (14 e 15 de xullo, no peirao)	ASOCIACIÓN DO CONSERVATORIO DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLQUE	3340 22610 RC 817	2.000,00 €
CULTURA	DÍA DAS LETRAS GALEGAS – Equipos de sons	JESÚS JALDA VÁZQUEZ	3340 22610 RC 818	812,00 €
CULTURA	SERVIZO DE AUTCAR PARTICIPACIÓN CORRELINGUA 2010	CERQUEIRO AUTOBUSES	3340 22610 RC 823	577,80 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas e, nos casos nos que non existía consignación a nivel de aplicación orzamentaria, con cargo ao nivel de vinculación xurídica que se reflicte na táboa,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

7.- PROPOSTA DE GASTOS DERIVADOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 10 de maio de 2010 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga, as seguintes facturas:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100411882326 (180310 a 220410) 187,02 euros.

AQUALIA, S.A. P0004393 (1º trimestre de 2010) 17,39 euros.

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B. por importe de 204,41 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica e auga, cargo a partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 204,41 euros en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga do Clube de xubilados de Meira**, con cargo á partida orzamentaria 2310 20200, RC 824.

8.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “MODIFICADO REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”.

Dáse conta das certificacións ordinarias nº 7 e 8 final da obra MODIFICADO REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA), presentadas pola empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., asinadas polo director de obra D. Gumersindo Ferro Pichel. Así mesmo, dáse conta da factura 46/10, do 20 de abril de 2010, por importe de 109.657,66 euros, de dita empresa.

Visto o informe do interventor municipal do 4 de maio de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento da obriga derivado da aprobación da certificación nº 8 e da factura 46/10 do 20 de abril de 2010 pola non constancia de documentación esixida pola cláusula 33.5 do prego (xustificativa da subcontratación e do pagamento dos servizos prestados); e por incumprir -sen xustificación no expediente- o prazo de execución das obras previsto no contrato e a non acreditación da porcentaxe que, sobre o prezo orixinario do contrato, supón o aumento ou diminución das unidades de obra executadas,

Visto que no devandito informe de intervención reitérase a obriga de incorporar ao expediente o informe do director das obras no que se faga constar a porcentaxe subcontratada ata a data de emisión da certificación polo contratista ou que faga constar que non se produciu subcontratación, e que de non incorporarse dito informe ao expediente, deberá entenderse emitido reparo ao pago material,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo interventor municipal para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e solicitar que se incorpore ao expediente o informe do director das obras nos termos recollidos no ídem do interventor.

Segundo: Aprobar a certificación ordinaria nº 7, de data 31 de marzo de 2010, por importe de 0 € da obra *Modificado Reforma do Paseo Marítimo da Praia (Moaña)*.

Terceiro: Aprobar a certificación nº 8 final, de data 20 de abril de 2010, por importe de 109.657,66 € da obra *Modificado Reforma do Paseo Marítimo da Praia (Moaña)*.

Cuarto: Aprobar a factura de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. nº 46/10, de data 20/04/10, por un importe de 109.657,66 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1510.60918.

9.- SOLICITUDES DE TRANSMISIÓN DE DEREITOS DE COBRO DE CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U.

9.A) Dáse conta da solicitude de toma de razón de endoso realizada polo representante da empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., da factura nº 41 correspondente á “Factura de mantemento 1º trimestre 2009”, por un importe de 10.440,00 euros, aceptado polas representantes do BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., oficina 2503 da Coruña,

Visto o artigo 201 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, *de contratos del sector público*, sobre transmisión de dereitos de cobro, e vista a base nº 28 de execución do orzamento municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, toma en razón o endoso da factura nº 41, por un importe de 10.440,00€ emitida por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U..a favor de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, no nº de conta 0182-2503-49-0711000007.

9.B) Dáse conta da solicitude de toma de razón de endoso realizada polo representante da empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., da factura nº 55 correspondente á “Factura de servizos de mantemento da rede”, por un importe de 10.500,00 euros, aceptado polas representantes do BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., oficina 2503 da Coruña,

Visto o artigo 201 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, *de contratos del sector público*, sobre transmisión de dereitos de cobro, e vista a base nº 28 de execución do orzamento municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, toma en razón o endoso da factura nº 5, por un importe de 10.500,00€ emitida por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U..a favor de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, no nº de conta 0182-2503-49-0711000007.

9.C) Dáse conta da solicitude de toma de razón de endoso realizada polo representante da empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., da factura nº 79 correspondente á “Factura de mantemento 2º trimestre 2009”, por un importe de 10.440,00 euros, aceptado polas representantes do BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., oficina 2503 da Coruña,

Visto o artigo 201 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, *de contratos del sector público*, sobre transmisión de dereitos de cobro, e vista a base nº 28 de execución do orzamento municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, toma en razón o endoso da factura nº 79, por un importe de 10.440,00€ emitida por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U..a favor de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, no nº de conta 0182-2503-49-0711000007.

10.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1, de data 28 de abril de 2010, da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA, presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo

Moldes. Así mesmo, dáse conta da factura 201000032, do 28 de abril de 2010, por importe de 34.887,29 euros.

Consta no expediente solicitude do contratista de cesión do dereito de cobro da certificación ordinaria nº 1, correspondentente á prestación realizada de *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Meira*, por un importe de 34.887,29 euros, a favor de BBVA, cumprindo co disposto nas bases de execución do Orzamento Municipal. aceptado polas representantes de BBVA, oficina 2503.

Visto o informe do interventor municipal do 5 de maio de 2010 no que indica que a tramitación cumpre co artigo 95 da LCSP para contratos menores, pero que non cumpre o artigo 10.3 do real Decreto-Lei 13/2009 -prazo para adjudicación- e a acreditación da contratación de traballadores desempregados,

Visto que no expediente consta o contrato da persoa contratada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 1, de data 28 de abril de 2010 por importe de 34.887,29 € da obra *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Meira*,

Segundo: Aprobar a factura de CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. nº 201000032, de data 28/04/10, por un importe de 34.887,29 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1650.61103.

Terceiro: Aprobar o endoso da certificación ordinaria nº 1, por un importe de 34.887,29 € emitida por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. a favor de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, no nº de conta 0182-2503-49-0711000007.

11.- CERTIFICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO”.

Dáse conta da certificación ordinaria nº 1, de data 28 de abril de 2010, da obra MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO, presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes. Así mesmo, dáse conta da factura 201000031, do 28 de abril de 2010, por importe de 34.908,15 euros.

Consta no expediente solicitude do contratista de cesión do dereito de cobro da certificación ordinaria nº 1, correspondentente á prestación realizada de *Mellora de eficiencia enerxética do alumeado público na parroquia de Domaio*, por un importe de 34.908,15 euros, a favor de BBVA, cumprindo co disposto nas bases de execución do Orzamento Municipal. aceptado polas representantes de BBVA, oficina 2503.

Visto o informe do interventor municipal do 5 de maio de 2010 no que indica que a tramitación cumpre co artigo 95 da LCSP para contratos menores, pero que non cumpre o artigo 10.3 do real Decreto-Lei 13/2009 -prazo para adudicación- e a acreditación da contratación de traballadores desempregados,

Visto que no expediente consta o contrato da persoa contratada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación ordinaria nº 1, de data 28 de abril de 2010 por importe de 34.908,15 € da obra *Mellora de eficiencia enerxética do alumado público na parroquia de Domaio*.

Segundo: Aprobar a factura de CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. nº 201000031, de data 28/04/10, por un importe de 34.908,15 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 1650.61100.

Terceiro: Aprobar o endoso da certificación ordinaria nº 1, por un importe de 34.908,15 € emitida por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. a favor de BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, no nº de conta 0182-2503-49-0711000007.

12.- “RESOLUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS “MODIFICACIÓN DO PASO DA TUBERÍA XERAL PROCEDENTE DE VIGO E BAIXANTE DO DEPÓSITO DA AMEIXOADA NO CASAL”

En data 5 de xuño de 2006 o Concello acordou adxudicar o contrato de obra “MODIFICACIÓN DO PASO DA TUBERÍA XERAL PROCEDENTE DE VIGO E BAIXANTE DO DEPÓSITO DA AMEIXOADA NO CASAL” á empresa U.T.E. MORRAZO (José Luis Méndez Sánchez), polo prezo de CINCENTA E CINCO MIL SEISCENTOS COARENTA E CATRO EUROS E OITENTA E NOVE CÉNTIMOS, (55.644,89 €), IVE incluído, e un prazo de execución de 2 meses.

En data 25 de xullo de 2006 extendeuse acta de replanteo iniciándose a execución das obras.

Á vista do tempo transcorrido dende o inicio das obras, en data 6 de abril de 2010, o Arquitecto Técnico Municipal, un representante do contratista e un representante do Concello levantan acta, logo da comprobación e medición pertinente, sobre obra efectivamente executada pola empresa a efectos da liquidación do contrato. Na mesma se determina como total executado 34.141,18 euros, incluídos os gastos xerais, beneficio industrial e IVE.

En data 7 de abril de 2010 a Secretaría Municipal emite informe respecto da posibilidade de resolver o citado contrato.

A Xunta de Goberno, en sesión de 12 de abril de 2010 acordou iniciar os trámites para a resolución do contrato de obra “Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito da Ameixoadá no Casal” por incumprimento dos prazos de

execución previstos no contrato, concedendo un prazo de dez días hábiles de audiencia ao adxudicatario para alegar o que estimase oportuno no presente expediente de resolución contractual.

O día 15 de abril de 2010, a empresa recibe notificación do acordo.

En data 27 de abril de 2010, e dentro polo tanto, do citado prazo, D. José Luís Méndez Sánchez, en representación da empresa U.T.E. Morrazo presente escrito de alegacións ao expediente de resolución do contrato no que expoñen a imposibilidade de rematar a execución da obra pola falta das autorizacións administrativas pertinentes sen que se poda entender como causa imputable ao adxudicatario e solicitando do Concello a resolución do contrato abonando este a obra executada e autorizando a cancelación dos avais depositados pola empresa como garantía da obra.

Á vista dos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 3 de maio de 2010 acordou remitir á empresa adxudicataria proposta de resolución de contrato, concedendo un trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que alegasen e no seu caso presentasen os documentos e xustificacións que estimasen pertinentes á proposta de resolución.

A empresa contratista recibiu notificación da proposta o día 6 de maio de 2010.

En data 7 de maio de 2010, a empresa presenta escrito de alegacións ante o Concello. No mesmo se volve a incidir na imposibilidade do remate total das obras por falta de autorización da Administración competente e a falta de incumprimento contractual por calquera das partes, amosando a súa conformidade ca proposta de resolución remitida polo Concello.

Á vista de todo o exposto, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Resolver o contrato de obra “Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito da Ameixoadá no Casal” adxudicado á empresa U.T.E. MORRAZO, contrato adxudicado por acordo da Xunta de Goberno deste Concello en data de 5 de xuño de 2006, á vista do tempo transcorrido e ante a imposibilidade de que o restante da obra pendente poida ser executado, sen que se entenda que mediou a concorrencia de culpa ou responsabilidade no retraso imputable ao adxudicatario da obra, polo que o Concello non procederá a esixir danos e prexuízos polos retrasos ou inexecución parcial da obra de referencia.

SEGUNDO: Aprobar a liquidación conforme á comprobación e medición efectuada da obra executada, por importe de 34.141,18 euros, debendo remitirse pola empresa certificación e factura para o seu pago.

TERCEIRO: Autorizar a devolución dos avais depositados no Concello por U.T.E. MORRAZO como garantía definitiva da obra “Modificación do paso da tubería xeral procedente de Vigo e baixante do depósito da Ameixoadá no Casal”, por entender que non concorre responsabilidade imputable ao contratista e á vista do tempo transcorrido dende o remate da obra.

13.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Visto o informe-proposta da técnica de Normalización Lingüística do Concello de Moaña, do 7 de maio de 2010, que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL) DO CONCELLO DE MOAÑA

O alcalde, Xosé Manuel Millán Otero, dálle conta á Xunta de Goberno Local da *Resolución do 16 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega*, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 75, do 22 de abril de 2010).

Para acollérmonos a esta orde é mester, tal como sinala o artigo 9º, enviar xunto coa solicitude (anexo I), a seguinte documentación:

a)

Proxecto descritivo da modalidade para a que se solicita a subvención co orzamento de gastos incluído.

b)

Certificación expedida polo secretario xeral da entidade local, relativa ao acordo, adoptado polo órgano competente, polo que se acorda a solicitude da subvención para a dinamización lingüística e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta resolución.

c)

Declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

d)

Declaración de que a entidade non está incursoa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Xa que logo, a técnica de Normalización Lingüística emite a seguinte memoria en relación co funcionamento do SNL:

“MEMORIA DE ACTUACIÓN

O Concello de Moaña conta cun Servizo de Normalización Lingüística (SNL), por resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, **desde o 24/05/1988** e está funcionando con regularidade desde esa data co obxectivo de incrementar o uso e o prestixio da nosa lingua na entidade local e en todos os ámbitos do termo municipal.

Para o **reforzamento** deste SNL existente, contra desde o 1/1/1993 con persoal propio: unha especialista en lingua galega, licenciada en filoloxía hispánica (sección galego-portugués). Este posto de técnico de Normalización Lingüística está encadrado dentro do Catálogo de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Moaña no grupo 1 (equivalente na titulación co persoal funcionario co A1), categoría profesional de licenciado.

Mantemento do SNL xa existente

O SNL garante o cumprimento da lexislación vixente tal como sinala a Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, e a Lei 5/1997,

do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Neste senso, hai que destacar que o galego é a **lingua principal de traballo e comunicación** tanto interna como coa cidadanía desta administración.

Todas as actividades que realiza en relación co uso do galego axústanse ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, tal como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

As funcións que o SNL realiza de maneira permanente son:

I) Funcións internas:

a) Asesorar ao goberno local en todo o relacionado coa promoción da lingua galega nos seguintes aspectos:

- Estabelecer a lingua de traballo e de comunicación do persoal do Concello e dos organismos que del dependen.
- Estabelecer unhas normas básicas do uso do galego para terceiros (empresas que traballan para o Concello, asociacións que contan con subvencións municipais...).
- Estabelecer criterios xerais nas probas e procesos selectivos para avaliar convenientemente os coñecementos lingüísticos das persoas que aspiran ás prazas.
- Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos de cada posto de traballo.

b) Asesorar, corrixir e resolver dúbidas lingüísticas para os departamentos e servizos da institución na elaboración e difusión de documentación administrativa:

- **Alcaldía:** edictos, bandos, publicación institucionais, saúdas do alcalde, convites, páxina web do Concello.
- **Urbanismo:** é destacábel o apoio lingüístico e a corrección que o SNL realiza sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Moaña, sobre todo no que se refire á corrección da toponimia na documentación cartográfica e da planimetría. Leva incorporada a microtoponimia consonte o sistema deseñado pola Comisión de Toponimia.
- **Secretaría:** actas dos plenos e xuntas de goberno local, convocatorias de sesións, ordes do día, ditames das comisións informativas, mocións...
- **Intervención:** ordenanzas fiscais e xerais, informes de intervención...
- **Cultura:** programa e memorias anuais, folletos e catelaría da programación cultural ...
- **Policía local:** informes, atestados ...
- **Medio ambiente:** folletos, guías informativas ...
- **Servizos Sociais:** revisión lingüística de programas, documentos administrativos, memorias...
- **Padroado Municipal de Emprego Beiramar:** elaboración de programas, difusión das actividades...
- **Turismo:** corrección da microtoponimia nas guías turísticas e folletos publicitarios, mellora da calidade lingüística destes soportes.

Co obxectivo de mellorar a calidade lingüística e comunicativa do Concello de Moaña, o SNL traballa para:

- Difundir os criterios lingüísticos do SNL en relación coa harmonización normativa dos textos xerados por esta administración.
- Dar a coñecer os cambios normativos.
- Resolver dúbidas lingüísticas.

- Estabelecer criterios xerais de estilo.
- Deseñar documentación formal.
- Sensibilizar no emprego dunha linguaxe non sexista.
- Difundir e facer respectar a toponimia oficial na documentación escrita: sinalética, bandos, correspondencia...
- Difundir os dereitos lingüísticos.
- Difundir as ferramentas lingüísticas existentes (manexo de materiais e recursos que están dispoñíbeis na rede, como dicionarios, léxicos, modelos de documentos...; instalación e manexo de correctores ortográficos e tradutores...).
- Elaborar e editar materiais de apoio específicos.

II) Funcións de formación (socio)lingüística:

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de capacitación lingüística do persoal municipal atendendo ás carencias detectadas. Deste xeito o SNL traballa na mellora da calidade lingüística no emprego do galego neste Concello, tanto na comunicación oral como na escrita.
- Difundir a realización de cursos de lingua galega:
 - Xerais: a través de notas de prensa, circulares a colectivos, a organismos dependentes do Concello e notas nos taboleiros oficiais informa das convocatorias dos cursos de lingua galega preparatorios para obter os diferentes niveis Celga e das probas oficiais para obter estes certificados.
 - Específicos: informa o persoal do Concello e dos organismos dependentes dos prazos e requisitos para realizar algún dos cursos de linguaxe administrativa convocados pola administración.
- Asesorar sobre validacións e equivalencias que os usuarios e usuarias do servizo poden optar segundo o nivel de estudos que posúen e cal é o seguinte nivel no que poden formarse. Hai que destacar que o SNL recibe durante o ano múltiples consultas neste ámbito, non só do persoal do Concello senón, e sobre todo, da poboación en xeral, e da inmigrante, en particular. O perfil destas persoas adoita estar entre os 20 e os 45 anos e valoran positivamente a información que se lles dá sobre todo por mor de formarse en lingua galega e ter o currículo actualizado.
- Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego: recursos lingüísticos, dereitos lingüísticos, lexislación...
- Colaborar no deseño de programas de formación para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas no ámbito local. Durante este ano desenvólvese o curso *Blog, participa na Internet, curso para crear blogs e usar ferramentas lingüísticas*. O monitorado da rede CeMit imparte os contidos relacionados coa creación de blogs e o uso da Internet e a técnica de Normalización Lingüística imparte o módulo relacionado co uso de ferramentas lingüística e coa mellora das actitudes lingüísticas.

III) Funcións de dinamización Lingüística:

- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.

Neste contexto o SNL colabora no deseño dunha campaña de dinamización lingüística para a Ludoteca Municipal de Moaña co gallo de conmemorar o Día das Letras Galegas que

consiste en fornecer este servizo de material específico, neste caso escollemos o conto *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarán* de Uxío Novoneyra para que o traballen durante a semana próxima ao 17 de maio. Este conto sérvelles ao persoal da ludoteca para preparar xunto cos nenos e nenas que usan este servizo (de 4 a 12 anos) unha representación teatral na que, a través dos animais que aparecen neste relato, poidan facer un percorrido polos nomes de animais e mergullárense na paisaxe e no mundo mítico do Courel, tan representativos na obra de Uxío Novoneyra.

Tamén colabora coa Ludotece ofrecéndolle información sobre xogos educativos en galego na rede, material lúdico...

- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa representación social.

O SNL informa as distintas asociacións sen fins de lucro: culturais, veciñais, comunidades de montes, económicas (confraría de pescadores, asociación de comerciantes...), etc. sobre subvencións destinadas á realización de cursos de formación e actividades de promoción da lingua galega. Estes colectivos acoden ao servizo para mellorar a calidade lingüística do material que editan (revistas, boletíns, folletos, blogs, carteis, memorias) e para asesorarse sobre recursos lingüísticos, desenvolvemento de campañas...

O SNL colabora de maneira permanente coas asesorías de Moaña e coa notaría para darlles apoio lingüístico en materia de linguaxe administrativa e xurídica.

Galiméntate: campaña permanente de dinamización lingüística no sector da hostalaría.

Esta campaña naceu durante o curso escolar 2008/2009 en colaboración co IES A Paralaia de Moaña, cos seguintes obxectivos xerais:

- Estabelecer redes de comunicación co sector hostaleiro que resulten rendíbeis no proceso de normalización da lingua e que senten as bases para a continuidade dos cambios.
- Mellorar as actitudes lingüísticas do sector e de sociedade en xeral.
- Provocar cambios perceptíbeis no uso da lingua.
- Promocionar establecementos da comarca como alternativa gastronómica.
- Utilizar o lema da campaña como unha marca de calidade que agrupe todos os establecementos adheridos.

Desta primeira etapa da campaña, na que se galeguizaron as cartas dos 20 establecementos adheridos (ademais de facilitarlles a comunicación noutras linguas: castelán, inglés, francés e portugués) e se lle proporcionou material divulgativo, xurdiu a necesidade de manter un contacto permanente co este sector socioeconómico para ofrecerlles os apoios necesarios para a súa galeguización, dentro dun proceso máis amplo de mellora da imaxe e da calidade dos seus servizos.

Durante este ano de 2010 o SNL traballa para elaborar unha listaxe exhaustiva de diferentes pratos gastronómicos, petiscos, sobremesas... que, partindo da denominación galega, permita recoller as traducións para o portugués, castelán, inglés e francés. Este material elabórase para distribuílo entre o sector da hostalaría.

- Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencie a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

O SNL planifica e propón a organización de diversas actividades de dinamización xunto cos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino de Moaña, ofrécélles información sobre datos sociolingüísticos de Moaña, da comarca do Morrazo,

Pontevedra e Galicia para axudarles na elaboración dos seus respectivos proxectos curriculares de centro e dálles información sobre a toponimia e microtoponimia deste termo municipal.

Atopa o teu lugar: campaña de dinamización dirixida á rapazada e á mocidade dos centros de ensino.

Diagnose: tras realizar o traballo Toponimia de Moaña, dentro do Proxecto toponimia de Galicia da Xunta de Galicia, e despois de facer circular a exposición (ortofotos cos microtopónimos sinalizados) polos distintos movementos asociativos veciñais e culturais do termo municipal e organizar visitas guiada para o alumnado dos centros de ensino, constatouse a perda na transmisión familiar do vocabulario básico galego relacionado co contorno máis inmediato nas xeracións máis novas. Por poñer algúns exemplos tomados dos nomes de lugares, descoñecían que é un outeiro, un souto, unha devesa, unha graña, unha camba, unha tomada, un teixugo..., nomes todos estes transparentes para a xeracións máis vellas pero totalmente escuras para as máis novas.

Obxectivo: achegar a rapazada e a mocidade dun xeito ameno á nosa lingua e ampliar o seu vocabulario básico.

Contidos: coñecer a través da toponimia o vocabulario galego relacionado con:

- orografía do terreo (que significa Viso, Beque, Faro...),
- augas (Rial, Fonte Can, Atranco, Torneira...),
- maneira de cultivar a terra (que é unha cachada, unha roza, unha senra...),
- calidade do terreo: Ruza, Rubiña, Lameira...,
- flora salvaxe: Pereiro, Cerqueiro, Freixeiro...,
- flora cultivada: Abelán, Ameixeira, Centeal, Millo,
- animais: Bestas, Lontra, Merla, Martizas, Morcego...
- aspectos sociais: Casal, Castro, Lazareto, Pelamio...
- vías de comunicación: Canexa, Carreiro, Portelo, Pasaxe, Cruceiro, Torreiro...
- etc.

Programación de actividades durante este ano:

- Asesorar ao profesorado dos centros de ensino.
- Distribuír materiais sobre a toponimia de Moaña: bases de datos, ortofotos...
- Elaborar unidades didácticas específicas para primaria, secundaria e bacharelato co obxectivo de coñecer os nomes de lugar, a distribución xeográfica, as diferenzas fonéticas (Domaio, unha das parroquias de Moaña, pertence a outra isoglosa) e o estudo do vocabulario básico en relación cos contidos antes desenvolvidos.

Campaña de sinalización de rúas. No ano 2009, o goberno local do Concello de Moaña, asesorado polo SNL, puxo en marcha esta campaña consistente en ir traballando por zonas e ir rotulando o nome das rúas e das vías.

Durante este ano de 2010 seguirase con esta campaña. O SNL encárgase de elaborar informes e achegar listaxes corrixidas de topónimos e microtopónimos para mellorar a sinalética deste termo municipal. Esta é unha vella demanda da poboación polo que é unha campaña que ten boa acollida por parte da poboación, mesmo hai persoas que veñen polo servizo para saber un pouco máis do significado do topónimo da zona na que vive.

En relación coa microtoponimia, o SNL elabora informes para propoñer que se nomeen con microtopónimos xa existentes as novas áreas en vías de expansión urbanística, de xeito que

se acaben con denominacións para nomear o territorio que nada teñen que ver con el e se recuperen formas propias case perdidas.

- Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo e empresarial, no ámbito local

Blog, participa na Internet, curso para crear blogs e usar ferramentas lingüísticas.
Actividade de dinamización dirixida ao tecido asociativo de Moaña.

O SNL colabora coa Rede CeMIT na proposta e planificación do obradoiro *Blog, participa na Internet*. Estes cursos, que se van desenvolver durante todo o ano 2010, teñen como obxectivo principal capacitar as persoas asistentes para crear e manter o blog da asociación á cal representan e mellorar a calidade lingüística da comunicación escrita co obxectivo último de concienciar a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

Obxectivos específicos:

- Coñecer unha das novas formas de comunicación na Internet.
- Aprender a xerar contidos galegos e en galego na Internet.
- Aprender a elaborar e actualizar un blog.
- Coñecer as ferramentas lingüísticas que ofrece a rede.
- Ofrecer e visibilizar as funcións básicas que ten Internet ás xeracións máis veteranas e afastadas habitualmente das TICs, ligando o seu uso ao idioma e á proximidade (contactos coa emigración, edición de cartas, álbums...)

Metodoloxía:

Desenvolverase mediante unha didáctica activa, dinámica e participativa.

Persoas destinatarias:

Membros e socios/as que acudan en representación de calquera tipo de asociación. Incídese especialmente nas **asociación deportivas** e nas do **ámbito socioeconómico** para que creen e manteñan o seu propio blog en lingua galega como lingua vehicular predeterminada.

Preme aquí!, campaña de dinamización lingüística e tecnolóxica.

O SNL deseñou esta campaña xunto coa Rede CeMIT co obxectivo de elaborar e distribuír unha selección de páxinas web e blogs cuxa lingua de comunicación por defecto sexa a galega. Esta campaña desenvólvese para promover o uso do galego no ámbito asociativo (asociacións culturais, deportivas..., educativo e empresarial partindo das páxinas web e dos blogs que existen na actualidade en Moaña para logo incluír os de ámbito autonómico e que teñan interese para os nosos obxectivos.

Trátase tamén de promover e coordinar redes de traballo desde o SNL de Moaña pois esta campaña servirá para fomentar o uso do galego no tecido asociativo, educativo e empresarial no ámbito local de modo que aquelas páxinas xa existentes e que se elaboraron en galego sirvan de reflexo para a creación de futuras publicacións deste tipo, de xeito que de antemán saiban que existe uns servizos municipais que imos colaborar para editar, poñer en valor e publicitar contidos que usen como soporte as tecnoloxías e o galego.

Contidos:

elaboraranse varios trípticos informativos dirixidos a uns sectores determinados:

- xuventude, ocio e deportes (incluíranse páxinas web e blogs sobre xuventude, camisetas, música, deporte...)

- ensino, cultura e prensa escrita (centros de ensino de Moaña; editoriais, prensa e cultura galegas)
- ámbito socioeconómico (asociacións económicas e páxinas sobre turismo de Moaña e de ámbito autonómico).

Periodización: estes trípticos publicitarios iranse elaborando e distribuindo para os distintos sectores ao longo deste ano 2010.

IV) Funcións de coordinación

O Concello de Moaña, a través do SNL, colabora e coordínase con outras institucións e organismos:

Coa Secretaría Xeral de Política Lingüística: na difusión de accións dinamizadoras desenvolvidas por esta e no asesoramento sobre os cursos de lingua galega, xa comentados anteriormente.

Coa Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e o Proxecto de Toponimia de Galicia, no cal está incluído o Concello de Moaña.

Con outros servizos lingüísticos: mantemos contactos permanentes con outros servizos lingüísticos, non só da provincia de Pontevedra, senón de toda Galicia para facer circular a información sobre proxectos, lexislación...

IV. Orzamento de gastos para o mantemento do SNL durante o ano 2010:

concepto	cantidade
Gastos de persoal	53.392,32 €

Para o desenvolvemento das campañas de dinamización lingüística botarase man dos recursos propios do Concello.

Vista a proposta do alcalde, do 7 de maio de 2010, que di:

O alcalde solicítalle a Xunta de Goberno Local que aprobe:

- 1.- O proxecto descritivo para o mantemento do SNL do Concello de Moaña, no cal constan todos os datos referidos a el, incluído o orzamento de gastos de persoal que ascende a 53.392,32 €.
- 2.- Solicitar a subvención para a dinamización lingüística e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta resolución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

14.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA”

En data 26 de abril de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construcción de pistas de atletismo na Xunqueira” á empresa U.T.E.

INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. E ANTALSIS S.L., polo prezo de CATROCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS UN EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (404.601,63 euros). (348.794,51 euros + 55.807,12 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses, adscripción de traballadores á obra: Mínimo de dez traballadores, dos que oito serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración.

Asemesmo se lle requiriu para no prazo de 10 días seguintes á notificación, presentase documento que acredite de ter constituído a garantía definitiva por importe de 17.439,73 euros e documentación requirida no apartado 16 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 3 e 11 de maio de 2010.2010

En data de 7 de maio de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 17.439,73 euros. Asemesmo presenta copia de escritura de constitución en UTE, certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, recibo de pago do IAE, compromisos de medios persoais e materiais adscritos á obra, entre o que se inclúen contratos de traballo de oito traballadores de nova contratación.

De conformidade co previsto no artigo 20 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira” á empresa U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. e ANTALSIS S.L., polo prezo de CATROCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS UN EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (404.601,63 euros). (348.794,51 euros + 55.807,12 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses, adscripción de traballadores á obra: Mínimo de dez traballadores, dos que oito serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración.

SEGUNDO.- Requiritur do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios da licitación por importe de 133,70 euros.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto redactor do proxecto, D. José Luís Domínguez González e responsable do contrato ao concelleiro delegado de urbanismo D. Valentín Piñeiro González.

15.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA NA POLICÍA LOCAL DE MOAÑA

En data 7 de maio de 2010, a Mesa de contratación constituída na licitación do contrato de servizos para a implantación do sistema de xestión informática na Policía Local de Moaña celebrou a última sesión ás 12,00 horas, emitindo proposta de adxudicación, proposta que se recolle na Acta da Mesa que se expón a continuación:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 7 de maio de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:00 horas, constitúese a Mesa de Contratación para contratar o servizo de implantación de sistema de xestión informática na policía local de Moaña integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, e D. Víctor Manuel Pastoriza Lino, representante do PSOE, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. José Antonio Graña Santaclara, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. Luis Rodriguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto. Está presente, o Xefe da Policía Local, D. Lois Alberte Casás Curro.

PRIMEIRO.- Cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma para a contratación, do servizo de axuda no fogar deste Concello.

Na Mesa de Contratación anterior, reunida o 4 de maio de 2010, acordouse inadmitir a proposición remitida por VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA S.L. por entender que a relación de traballos que aporta como acreditativa da súa solvencia técnica ou profesional non se acomodan co obxecto deste contrato, circunscibíndose ao subministro de diversos tipos de vehículos, equipos de radiocomunicacións e material vario que en ningún caso se relaciona co obxecto do presente contrato.

Asimesmo na citada Mesa se apreciaron a existencia de deficiencias subsanables nas Proposición presentada pola empresa HUMAN SOFT S.L., concedendo ao licitador prazo de 2 días hábiles para correxir os seguintes defectos: D.N.I. da persoa habilitada para a presentación da oferta en nome da empresa licitadora, erro na declaración de non estar incurso en prohibición de contratar por estar referida á unha normativa contractual xa derogada e respecto da solvencia técnica comprobouse a falta de adscripción ao servizo que se licita das persoas que figuran na oferta.

Verificada pola Mesa a presentación polo licitador da documentación administrativa requirida no prazo establecido, a Mesa de contratación declara admitida a seguinte proposición:

- HUMAN SOFT S.L.

SEGUNDO.- A continuación e sendo as 12:20 horas, comeza o acto de apertura dos sobres B “Referencias técnicas”, ca documentación esixida no Anexo 2.1 dos pregos de cláusulas administrativas particulares. O licitador presenta na súa oferta a seguinte documentación: Descripción Xeral da oferta, Plan Inicial de traballo e metodoloxía, Plan de Implantación, Plan de Formación, Plan de Calidade, Melloras, Prazo de garantía e Plan de mantemento, relación de medios persoais e referencias, DVD de ficheiros,

medios materiais e declaración do nº de persoas de nova contratación a ocupar (Neste caso, ofertan a contratación de dúas persoas para a prestación do servizo). A Mesa entende a documentación aportada como suficiente, atendendo ás previsións do Anexo 2.1 dos pregos.

TERCEIRO.- Finalmente se procede á apertura do sobre C “Oferta Económica”, presentando os seguintes datos:

- a) Prezo sen IVE: 33.330,00 euros.
- b) IVE: 5.332,80 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 38.662,80 euros.

En conclusión, a Mesa de contratación, á vista da única oferta admitida, entendendo que aporta a documentación requirida nos pregos e sa oferta se axusta ás demais circunstancias establecidas na licitación, acorda **proponer á Xunta de Goberno**, como órgano de contratación a **adxudicación do contrato de servizos** de implantación de sistema de xestión informática na policía local de Moaña á **Empresa HUMAN SOFT S.L.**, cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

- a) Prezo sen IVE: 33.330,00 euros.
- b) IVE: 5.332,80 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 38.662,80 euros.

Tamén inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo.

Quedan unidas ao expediente a proposición económicas presentadas, e admitidas. O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión s 12,35 horas”.

Vista a proposta da Mesa de Contratación e por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de servizos de implantación do sistema de xestión informática na policía local de Moaña á Empresa HUMAN SOFT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada, entre as que se inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo:

- a) Prezo sen IVE: 33.330,00 euros.
- b) IVE: 5.332,80 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 38.662,80 euros.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 38.662,80 euros con cargo á partida 1320.62600 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días hábiles seguintes á data da

notificación deste acordo aporte a documentación requirida no apartado 21 dos pregos, en caso de non telo presentado con anterioridade, acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social, declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.666,50 euros.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no Perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

16.- INSTALACION CHIRINGUITOS

Dase conta das solicitudes presentadas para instalación de chiringuitos na zona de praias

D. Manuel Rios Casas

Dona Maria Magdalena Campos Santiago

D. Jose Ignacio Otero Rua

Os dous primeiros ademais da solicitude presentan croquis das instalacións, actividades a desenrolar e superficie, o terceiro soamente presenta a solicitude.

Analizada a documentación presentada, a xunta de goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda autorizar a

MARIA MAGDALENA CAMPOS SANTIAGO, a instalación dun chiringuito na praia da Xunqueira, coa superficie de 20 m² para o chiringuito e 30 m² para a terraza.

MANUEL RIOS CASAS, a instalación dun chiringuito na praia do arnado, coa superficie de 10 m² para o chiringuito e 10 m² para a terraza

Se tramiten ante o Servicio de Costas por ser terreos da sua competencia.

17.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA DE MOAÑA”.

En data 19 de abril de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por importe de CENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (112.074,56 euros). (96.616,00 euros + 15.458,56 euros de IVE), un prazo de execución de 4 meses, Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: dous traballadores. Asemesmo se lle requiriu para no prazo de dez días seguintes á notificación, presentase documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.830,80 euros e no prazo de 10 días seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 16 dos pregos de non telos presentado con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 26 de abril de 2010.

En data de 28 de abril de 2010, o adxudicatario provisorio remitiu ao Concello aval bancario por importe de 4.830,80 euros.

Comprobada a presentación previa dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Acondicionamento de local para Escola de Música de Moaña” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por importe de CIENTO DOCE MIL SETENTA E CATRO EUROS E SESENTA E SETE CÉNTIMOS (112.074,56 euros). (96.616,00 euros + 15.458,56 euros de IVE), un prazo de execución de 4 meses, adscripción de traballadores de nova contratación á obra: dous traballadores.

SEGUNDO.- Requirit do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto redactor do Proxecto D. Javier Rial Lemos e responsable do contrato ao concelleiro delegado de urbanismo D. Valentín Piñeiro González.

18.- EXECUCIÓN DE SENTENZA 1296/2000 DO PROCEDEMENTO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 02/4990/1997

Vista a sentenza 1296/2000, de data 5/10/00, recaída no proceso contencioso administrativo nº 02/4990/1997, promovido por D. Carlos del Pulgar Sabín por débeda do Concello por importe de 654.650 pesetas e polo que impugnou os Orzamentos Municipais do ano 1997.

Visto os requerimentos efectuados polo Xulgado para dar cumprimento á sentenza, en concreto providencia de data 30 de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Proceder á execución da citada sentenza e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 3.933,98 euros de principal con cargo á partida 3320.62905 e 901,52 euros en concepto de xuros con cargo á partida 3320.35200 en favor de D. Carlos del Pulgar Sabín.

Segundo: Dar traslado do acordo ao interesado e aos servizos municipais.

19.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS DE D.^a MARÍA PEQUEÑO REGUEIRA– EXPTE. 19/2010

D.^a Maria Pequeño Regueira, por escrito con entrada no Concello o día 23 de marzo de 2010, expón que solicitou licenza de obra, expte. 19/2010, e que ten que presentar

enmendadas ao mesmo e non pode facelo, polo que renuncia á solicitude presentada e solicita a devolución dos impostos, taxas e contía do cartel pagado.

Visto o recibo do 2 de marzo de 2010 da recadación municipal polo pagamento dos conceptos de ICIO 155,40, taxas 65,00 euros, cartel de obra 110,00 euros.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 21 de abril de 2010 no que indica que a renuncia á licenza comporta as devolucións xa ingresadas que procedan e o arquivo do expediente,

Visto o informe do inspector de obras do día 3 de maio de 2010 que indica que as obras non foron realizadas nin o cartel foi subministrado.

Visto o informe da tesoureira municipal do 5 de maio de 2010, que logo de indicar a lexislación e normativa examinada, informa que:

Polo que atinxe ó imposto de instalacións construcións e obras é preciso suliñar o seguinte.

De acordo co disposto no artigo 100.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe o feito imponible a "realización" de calqueira instalación, construción ou obra, dentro do termo municipal, para a que se requira a oportuna licenza, de xeito que, tal e como se dispón no artigo 102.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o devengo do imposto, e polo tanto a obriga tributaria, xurden nese intre.

Así pois, dado que, de acordo co informe indicado, non se ten producido a actuación definitiva do feito imponible do imposto, nin, polo tanto, o devengo do mesmo, non xurde obriga tributaria algunha por tal concepto nin dereito de tal natureza do que sexa titular o Concello de Moaña que xustifique o ingreso do imposto.

A argumentación precedente coincide coa defendida pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, sentenza de 13 de outubro de 2001)

Polo que atinxe á devolución do importe correspondente á taxa da licenza, de acordo co disposto na Ordenanza reguladora da taxa por concesión de licenzas urbanísticas do Concello de Moaña, aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 (BOP núm. 250, do 30 de decembro) no seu artigo 11.4, a renuncia á concesión da licenza determinará unha redución do seu importe do 50%.

En canto ás cantidades ingresadas en concepto subministro do cartel de obra, consonte á definición do feito imponible recollida na respectiva ordenanza fiscal (aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004, BOP núm. 250, do 30 de decembro) procederá a devolución do seu importe sempre que non se tivese producido a súa expedición e subministro, tal e como se indica no informe emitido polo inspector de obras.

En base ó anteriormente exposto, esta Tesourería, en aplicación do dereito positivo recollido nas ordenanzas fiscais do Concello (artigo 1.6 do Código Civil) e, sen prexuízo da doutrina xurisprudencial salientada, **informa favorablemente a devolución do importe correspondente ó ICIO 155,40 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 32,50 euros, así coma o do correspondente ó suministro do cartel de obra (110 euros), sempre que se proceda previamente ó arquivo do expediente.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: O arquivo do expediente de obras núm. 19/10, a nome de D.^a María Pequeño Regueira, para o proxecto de construción de edificación auxiliar, no barrio de Verdeal nº 38 A, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 26.02.2010,

Segundo: A devolución do importe correspondente ao ICIO 155,40 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 32,50 euros, así coma o do subministro do cartel de obra (110 euros), segundo o informe da tesoureira municipal.

20.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 4 de maio de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. Cableuropa, S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Cableuropa, S.A.U. (CIF A62186556)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA (euros) BASE*0,015
PRIMEIRO TRIMESTRE 2010	724,87	10,87

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Cableuropa, S.A.U. por 10,87 euros polos período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

21.- CURSO DE PINTURA 2009-2010. ÚLTIMO BIMESTRE

Vista a proposta do concelleiro de Cultura e Ensino do 5 de maio de 2010, que solicita a aprobación da relación dos alumnos/as inscritos/as no último bimestre do Curso de Pintura 09-10 (aprobado por acordo do 14.09.10) para que procedan ao seu pagamento, 48 €/alumno/a, e que consta de 12 persoas:

- 1.- Carballido Costas, Carmen
- 2.- Chapela Piñeiro, Águeda
3. - Portela Diz, María Jesús
- 4.- Martínez Portela, Diego Jesús.
- 5.- Cordeiro Portela, Andrea
- 6.- Sierra Castelo, Renata
- 7.- Alonso Portela, María Carmen
- 8.- Piñeiro Silva, Miguel
- 9.- Jalda budiño, María Teresa
- 10.- Ferverza Montero, Naiara.
- 11.- Silva Solla, Gonzalo
- 12.- Antepazo Fandiño, Conchi

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a relación das persoas inscritas no último bimestre do curso de Pintura 2009-2010, as cales deberán realizar o pagamento dos 48 € (24 € por mes), e trasladarlle o acordo á Recadación para a formalización do pagamento.

22.- POLICÍA LOCAL

22.A) VACACIÓNS

Visto o cadro de vacacións do persoal da Policía Local proposto para o ano 2010:

Cadro de vacacións da Policía Local ano 2010

Nº AXENTE	NOME	APELIDO 1º	APELIDO 2º	Nº DIAS	VACACIONS
429004	LOIS ALBERTE	CASÁS	CURRO	25	04/09---12/10

429002	JORGE JUAN	CASAL	BLANCO	25	17/06---31/07
429003	JESUS	GARCIA	RODAS	24	21/05---30/06
429006	EMILIO VELAR	DEL RIO	GONZALEZ	25	18/07---31/08
429007	EUGENIO	GESTIDO	MALVIDO	25	20/07---31/08
429008	JAVIER	CRUZ	PENA	24	01/08---11/09
429009	JAVIER	ACEVEDO	SANTOME	24	22/05---30/06
429010	FCO. JAVIER	BLANCO	PORTELA	24	01/09---14/10
429011	FERNANDO	BOUBETA	VILLAVERDE	24	01/07---10/08
429012	JOSE MANUEL	PEREZ	SANTIAGO	24	01/07---13/08
429013	MANUEL	GOMEZ	SILVA	24	01/09---11/10
429014	MIGUEL ANGEL	NOGUEIRA	PEREZ	24	18/05---30/06
429015	MANUEL EUGENIO	CURRAS	TRIGO	23	01/09---11/10
429016	JULIO CESAR	CASAS	CURRO	23	21/05---30/06
429017	XOSE BIEITO	PEREZ	CARRERA	23	20/07---31/08
429018	MANUEL	GARCIA	FERNANDEZ	23	01/09---11/10
429019	JULIO	SOBRAL	POCEIRO	22	08/11---20/12
429020	JESUS	BLANCO	FERNANDEZ	23	20/06---31/07
429021	LUIS	VARELA	BRAÑAS	22	01/07---09/08
429022	JOSE RODRIGO	PAREDES	PORTELA	22	25/07---31/08
429024	JAVIER	ABLANEDO	ALBERDI	35n.	01/09---05/10

	ANGELES	CABEIRO	DOPICO	35n.	11/05---15/06
--	---------	---------	--------	------	---------------

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o cadro proposto de vacacións 2010 do persoal da Policía Local.

22.B.- PROPOSTAS CONTRATACIÓNS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL

Concluído o proceso selectivo, a Xunta de Goberno Local do 3 de maio de 2010 aprobou a relación definitiva de persoas que conforman a listaxe que se empregará para a contratación temporal de auxiliares da Policía local 2010.

Visto o informe-proposta do 6 de maio de 2010 do xefe da Policía local que di:

Que se lle achega relación nominal do persoal que debe ser contratado como auxiliar de policía local deste Concello por un período de 4 meses (ampliables a seis), concretando a data de inicio:

Posto nº 3, Gago Lorenzo, José Ángel: inicio 20 de maio.

Posto nº 4, Marcos Lorenzo, Diego: inicio 20 de maio

Posto nº 5, Acevedo Pose, Alejandro: inicio 20 de maio

Posto nº 1, Martínez del Rio, Alexandre: inicio 20 de xuño. Non empeza de primeiro por non ter realizado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública, tendo que realizalo nas datas que xa teñen que estar traballando os oustros auxiliares (debería ter contrato por seis meses por ser o número un da promoción e para poder cubrir as vacacións en novembro-décembro do policía Julio Sobral Poceiro.

Posto nº 2, Cruz Blanco, María Katia: inicio 20 de xuño. Non empeza no seu turno por non estar dispoñible nese momento (debería ter contrato por seis meses por ser o número dous da promoción e para poder cubrir as vacacións en outubro – novembro do policía Francisco Javier Blanco Portela.

Posto nº 6, Rivas Parada, Javier: inicio 20 de xuño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

23.- INSTALACION TERRAZAS

23.A) Dona Isabel Currás Alvarez, solicita autorización para instalación dunha terraza na cafetería da Casa do Mar, na rúa Concepción Arenal, dunha superficie de 20 m².

D. Antonio Jose Abuin Escaloni, solicita autorización para instalación dunha terraza diante da cafetería Fox, sita en Avda. Concepción Arenal 196, dunha superficie de 15 m/2.

As dúas terrazas atopanse en terrenos de dominio público marítimo terrestre.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda autorizar ditas instalacións e tramitalas ante o Servicio Costas, por ser terreos da súa competencia.

23.B) Dáse conta da seguinte solicitude de **ocupación de terreos de uso público municipal** con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa (terrazas), así como da tarifa resultante de acordo coa aplicación da ordenanza reguladora municipal cujo pagamento acredita a solicitante

NOME SOLICITANTE	LUGAR	M/2	Tarifa 24 €/m2
Mª Cristina Martínez Calvar	As Barxas, 10, local 3	12	288 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude así como a liquidación das correspondentes taxas.

24.- VADOS

D. Celso Santomé Juncal solicita licenza para licenza para vado no Prado das Barxas, 84, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 89,25 euros (entrada 18 €, pasaxe 56,25 € e 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 23 de abril de 2010, no que indica que hai un garaxe cunha entrada dende a vía pública de 3 metros de ancho e a beirarrúa presenta a esta altura rebaixe do bordillo,

Visto o informe do inspector de obras do día 2 de maio de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. CELSO SANTOMÉ JUNCAL, cun rebaixe de 3,00 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 89,25 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

25.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN INICIO TRABALLOS “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO AO MORRAZO DESDE VIGO”.

Por escrito do 3 de maio de 2010, EXCOVER, S.L. – BARDERA OBRAS CIVILES Y MARÍTIMAS, S.L. UTE MORRAZO, achega a planificación de traballos por tramos da obra “Ampliación do abastecemento ao Morrazo desde Vigo” co fin de solicitar a autorización do Concello de Moaña para o inicio dos traballos coas condicións que se establezan. A previsión do comezo das obras está fixada para o 18 de maio de 2010 e un resumo do cronograma dos treitos a ocupar sería:

- zona subida ao depósito da Ameixoada: duración aprox. un mes e medio (remate primeira semana de xullo de 2010).
- zona da estrada da Deputación EP – 1104 e zona de brañas baixo o viaducto do corredor do Morrazo: duración estimada un mes (remate na segunda semana de agosto de 2010).
- zona PK 1 + 400 a PK 2+000: duración estimada dous meses e medio (remate na segunda semana de novembro de 2010).
- zona PO-551: duración estimada de 11 semanas (remate na primeira semana de febreiro de 2011).
- zona do Camiño Vello: duración estimada 2 meses (remate na primeira semana de abril de 2011).
- zona do paseo marítimo: duración estimada 3 semanas (remate primeiros de maio de 2011).

Indica que a previsión de traballos supón unha planificación previa susceptible de modificarse durante o transcurso das obras, e que calquera destas modificacións serían comunicadas ao Concello, e que previametne ao inicio de cada tramo entregárase unha planificación máis polo miúdo da zona.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a planificación dos traballos e autoriza o seu inicio.

26.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

26.A) PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Vista a proposta de corrección de erros de Secretaría do 10 de maio de 2010, que di:

Advertiuse erro de transcripción no acordo tomado na XGL do 12 de abril de 2010, xa que se tomou o seguinte acordo:

17.B) D.^a María Nieves Andrade Costa, por escrito do 16.10.09, expón que recibiu notificación de Aqualia para o pago da taxa de saneamento, e solicita que se lle libere do pago de taxas xa que presenta factura do 6 de marzo de 2002 de Espina & Delfín pola acometida de augas fecais.

Visto que a conexión á rede de sumidoiros é do ano 2002 e estaría exenta do pagamento de taxas por aplicación do artigo 5 da Ordenanza vixente nese ano,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de alta no padrón de saneamento a D.^a María del Carmen López Barros en Lourido 75 A.

cando debería figurar:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar de alta no padrón de saneamento a D.^a María Nieves Andrade Costa, en Lourido 75 A.

PROPONSE A SÚA CORRECCIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de corrección nos seus xustos termos.

26.B) Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
IES A PARALAIA	Auga e saneamento, uso doméstico	O Redondo, s/n		Aqualia Arquitecto técnico
SUSANA CARRION BOUBETA	Saneamento, uso doméstico	Igrexario, Tirán 35	D ^{sa} conexión sanea.....180,00	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:36 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.